



# DEPORTISTAS CON MOITO VALOR

## IV Concurso de fotografía e relato curto

### QUEN PODE PARTICIPAR:

Todos os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 10 e 14 anos.

### Temas: VALORES NO DEPORTE:

Queremos que os traballos presentados reflectan a deportividade e os valores no seo da actividade deportiva.

Preséntanos unha foto ou cóntanos unha historia que viviras que reflecta algún destes valores no contexto dun partido, unha competición deportiva, un adestramento, etc... (Respeto, tolerancia, traballo en equipo, esforzo...)

### COMO SE PODE PARTICIPAR:

Envía o teu traballo indicando os seguintes datos: Nome e apelido, título do traballo, idade, enderezo, teléfono de contacto, colexio ou clube.

Podes envialos á Fundación FEDYS a través do correo electrónico [comunicación@fedys.org](mailto:comunicación@fedys.org) indicando no asunto «Concurso DMV2011» ou por correo postal ao seguinte enderezo:

FUNDACIÓN FEDYS  
Concurso DMV2011  
Rúa Federico Tapia, 13, 1º dereita, oficina 2  
15005 A Coruña

### PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo de presentación de orixinais comprende do día 1 de abril ata o 31 de maio

### CATEGORÍAS:

FOTOGRAFÍA (formato digital, Jpg, tif)

RELATO: manuscrito, extensión máxima de un folio.

ACCION SOLIDARIA: dossier explicativo

Todos os traballos presentados deberán ter un título, estar perfectamente identificados e presentar a autorización asinada polos pais ou tutores na que autorizan aos fillos/alumnos á participación no concurso. Podes atopar o cupón na cabeceira desta páxina web.

### XURADO E VOTACIÓN:

A Fundación FEDYS designará un xurado formado por fotoperiodistas, xornalistas e membros da Unión de Deportistas Solidarios para a selección e a cualificación dos traballos presentados a concurso. O xurado emitirá o seu fallo dentro dos 15 días seguintes á finalización do prazo previsto.

### PREMIOS:

» CATEGORÍA INDIVIDUAL FUNDACION FEDYS

FOTOGRAFIA. Premio: Material deportivo

RELATO. Premio: Material deportivo

» PREMIO ESPECIAL A LA ACCION SOLIDARIA "El Corte Inglés"

Premio especial cheque regalo por valor de 600 € válido para a adquisición de material deportivo nas tendas del Corte Inglés para o colexio ou clube deportivo que presenten unha iniciativa solidaria dende o deporte.

» PREMIO ESPECIAL SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

Premio especial regalo de material deportivo por valor de 1.000 € de la Secretaría Xeral para o Deporte para aquel clube ou colexio que máis fomenten a participación entre os seus membros.

DEREITOS:

Os autores asumen a responsabilidade en canto á autoría e orixinalidade da foto/relato que envíen. Os participantes autorizan a FEDYS e a Secretaría xeral para o deporte para a reprodución e comunicación pública das obras mediante a súa exposición en lugares públicos, difusión a través de medios de comunicación así como a súa incorporación á páxina web. FEDYS comprométese a non facer uso das obras con afán de lucro e a citar sempre o autor da obra. A organización poderá decidir o tamaño e as ampliacións que das fotografías puidesen realizarse. Todas as obras presentadas pasarán a ser propiedade de FEDYS.

Organizan



Colaboran

